



## **PROPOSTA AO PARLAMENTO DE GALIZA, A PROL DO LEVANTAMENTO DO BLOQUEO ECONÓMICO, COMERCIAL E FINANCEIRO A CUBA**

Hai dous anos, o pleno da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, aprobou unha resolución que pedía o levantamento do bloqueo económico, comercial e financeiro a Cuba, imposto unilateralmente polos Estados Unidos. Dita resolución tivo o apoio da totalidade dos países do mundo, agás dous que se abstiveron.

Naquel intre, o entón Presidente de USA, Barack Obama, declarouse contrario ao bloqueo e a prol do entendemento con Cuba. A pesar diso, o bloqueo -que causa a perda de vidas humanas- non só mantense, senón que se endureceu desde a chegada da nova Administración de Estados Unidos.

Dada esta situación, o Parlamento de Galicia reclama o levantamento do inhumano bloqueo a Cuba, de acordo co dereito internacional e as reiteradas resolucións aprobadas pola Asemblea Xeral da ONU desde hai máis de 25 anos.